

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- 1) **Segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía**
 - a) O galego é a lingua oficial de Galicia
 - b) O galego é a lingua propia de Galicia
 - c) Os idiomas galego e castelán son os idiomas oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.

- 2) **A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva sobre:**
 - a) Réxime xurídico dos montes veciñais en man común
 - b) Entidades cooperativas
 - c) Salvamento marítimo

- 3) **Segundo o Estatuto de Autonomía para Galicia gozan da condición política de galegos:**
 - a) Os cidadáns galegos que de acordo cas leis xerais de Galicia teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia
 - b) Os cidadáns españois que, de acordo cas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia
 - c) Os cidadáns españois que de acordo cas leis xerais do Estado teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios do territorio español

- 4) **A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en:**
 - a) Agricultura e gandería, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149 da Constitución Española
 - b) En agricultura e gandería, tal e como se recolle no artigo 36 do Estatuto de Autonomía
 - c) Ningunha das dúas respostas anteriores son certas

- 5) **Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, os deputados gozan de inviolabilidade:**
 - a) Polos votos e opinións manifestadas no exercicio das súas funcións aínda despois de cesar no seu mandato
 - b) Polos votos emitidos e opinións manifestadas no exercicio das súas funcións unicamente durante a duración do seu mandato
 - c) Polos votos emitidos e opinións manifestadas en calquera caso, aínda despois de cesar no seu mandato

- 6) **Segundo a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, poderá dirixirse a dita Institución:**
 - a) Calquera persoa natural ou xurídica en calquera momento
 - b) Toda persoa física ou xurídica que invoque un interese lexítimo antes de que prescriba a infracción que alegue
 - c) Calquera persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo sen restricción nin limitación algunha

- 7) **A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural pertence á:**
 - a) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
 - b) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
 - c) Consellería do Medio Rural

- 8) **Os montes veciñais en man común poderán ser declarados como tales, en virtude de:**
 - a) Sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria
 - b) Resolución da dirección xeral con competencias en materia forestal

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- c) Ningunha das anteriores é correcta
- 9) **A propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza:**
- Privada e colectiva
 - Colectiva e pública
 - Ningunha das anteriores é correcta
- 10) **Elixe a resposta correcta:**
- A calificación catastral informa do tipo de cultivo ou aproveitamento.
 - A clasificación catastral informa do tipo de cultivo ou aproveitamento.
 - A calificación catastral informa da intensidade produtiva das parcelas.
- 11) **O Rexistro da Propiedade baséase alomenos nos seguintes Principios:**
- Publicidade e Boa Fe
 - Exactitude e Precisión
 - Confidencialidade e Verdade
- 12) **Os libros que figuran no Rexistro da Propiedade clasifícanse en:**
- Principais e auxiliares
 - Libros de Inscripcións e Libros especiais
 - Diario de Anotacións e de Operacións
- 13) **Sinala a opción verdadeira:**
- A inmatriculación dos bens inmobles no rexistro da propiedade é obrigatoria
 - A declaración dos bens inmobles no Catastro posúe carácter voluntario
 - Os Rexistradores da Propiedade son funcionarios públicos que están dados de alta como autónomos
- 14) **A superficie media de parcela inventariada no Catastro inmobiliario rústico de Galicia, partindo das estatísticas catastrais do ano 2007 publicadas na páxina web da Dirección Xeral do Catastro, era de:**
- Menos de 1.000 m²
 - Entre 1.000 e 10.000 m²
 - Máis de 10.000 m²
- 15) **O número de titulares catastrais inventariados no Catastro inmobiliario rústico de Galicia, partindo das estatísticas catastrais do ano 2007, publicadas na páxina web da Dirección Xeral do Catastro, era de:**
- Entre 500.000 e 1 millón
 - Entre 1 e 1,5 millóns
 - Máis de 1,5 millóns
- 16) **De acordo coa Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, cando a concentración parcelaria inclúa, total ou parcialmente, terreos de usos forestal ou algún recurso natural que interese manter ou protexer:**
- O servizo provincial de Estruturas e Infraestruturas Agrarias emitirá un informe preceptivo e non vinculante, aos efectos de incluír ou non eses terreos no perímetro da zona a concentrar
 - O servizo provincial correspondente requirirá informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de montes, aos efectos de incluír o non eses terreos no perímetro da zona a concentrar

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- c) A xunta local requirirá informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de montes, aos efectos de incluír ou non eses terreos no perímetro da zona a concentrar
- 17) De acordo coa Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, o proxecto de concentración parcelaria:**
- a) Será aprobado polo servizo provincial competente, previo informe da xunta local de zona
 - b) Será aprobado pola xunta local de zona, previo informe do servizo provincial competente
 - c) Será aprobado polo director xeral competente previo informe da xunta local de zona
- 18) De acordo coa lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, a consellería competente en materia de agricultura poderá declarar de oficio caducados, aqueles expedientes de concentración parcelaria que:**
- a) Foran iniciados pero que non se publicara o decreto
 - b) Foran iniciados por decreto e que despois da súa publicación quedaran paralizados por cinco ou máis anos sen que ao amparo do mesmo houberan dictado actos administrativos firmes
 - c) Por sentenza firme así o estableza
- 19) Entre os destinos que terán os bens e dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia segundo a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, atópanse:**
- a) A primeira instalación de persoas agricultoras mozas así como o establecemento de novos asentamentos
 - b) Incorporación ao patrimonio de entidades sen ánimo de lucro por conveniencia ambiental, declarada polo órgano competente en materia de medio ambiente, ou por outros motivos de interese social determinado
 - c) As dúas respostas anteriores son correctas
- 20) A Sociedade Anónima Xestora Bantegal gozará do dereito de adquisición preferente, segundo a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, ante:**
- a) Calquera transmisión a título oneroso de predios rústicos integrantes do Banco de Terras de Galicia, sen prexuízo do establecido na Lei de dereito civil de Galicia e no Código Civil.
 - b) Calquera transmisión a título oneroso ou negocio xurídico gratuito inter vivos de predios rústicos integrantes do Banco de Terras de Galicia, sen prexuízo do establecido na Lei de dereito civil de Galicia e no Código Civil.
 - c) Ningunha das anteriores é correcta
- 21) A cesión á Sociedade Bantegal por parte dun particular da xestión do uso e do aproveitamento dun predio rústico do cal sexa titular implica que:**
- a) A persoa propietaria ou titular queda eximido de efectuar os labores de conservación e mantemento do predio do que a xestión foi cedida
 - b) A persoa propietaria ou titular pode seguir a realizar a explotación do predio do que a xestión foi cedida, en tanto a sociedade Bantegal non o ceda a

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- terceiras persoas
- c) A persoa propietaria ou titular non poderá levar a cabo actuacións que alteren de xeito significativo as características de explotación ou o valor do predio do que a xestión foi cedida
- 22) No caso de predios rústicos de particulares cedidos para a súa xestión á sociedade Bantegal, que á súa vez están cedidos a terceiros:**
- a) A persoa beneficiaria da cesión reembolsaralle periodicamente á persoa titular do predio rústico o importe que lle corresponda en concepto de renda
- b) Con indiferencia do cumprimento ou incumprimento da relación contractual pola persoa beneficiaria da cesión, a sociedade Bantegal garantiralle á persoa titular do predio rústico a percepción do importe que lle corresponda en concepto de renda
- c) As dúas respostas anteriores son correctas
- 23) A Sociedade Bantegal poderá incoar un expediente de declaración de predio inculto, abandonado ou en situación de grave abandono nos seguintes casos:**
- a) De oficio, cando do estado da cobertura vexetal presente no predio se poida derivar perdas para os predios lindeiros
- b) A petición de calquera organismo público, cando o estado da cobertura vexetal presente no predio poida afectar á integridade e funcionamento de bens e sistemas públicos
- c) En ningún caso
- 24) De acordo cos seus estatutos, os órganos da Sociedade Anónima Xestora Bantegal son:**
- a) A Xunta Xeral de Accionistas e o Consello de Administración, que estará integrado por cinco membros
- b) A Xunta Xeral de Accionistas, o Consello de Administración e a Comisión Executiva
- c) Ningunha das anteriores é correcta
- 25) A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, atribúelle á Sociedade Anónima Xestora Bantegal a titularidade dos seguintes bens:**
- a) Os bens inmobles patrimoniais constituídos polas fincas resultantes dos procesos de concentración parcelaria dende 1992.
- b) Ademais dos citados no apartado anterior as masas común e os predios sobrantes das adxudicacións dos lotes de substitución daquelas zonas de concentración parcelaria que adquiran firmeza con posterioridade á entrada en vigor da citada lei, no momento de adquiriren firmeza
- c) Ningunha das anteriores é correcta
- 26) Segundo o artigo 30 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, terán a maioría legal necesaria para iniciar os trámites conducentes á creación dunha unidade de xestión forestal:**
- a) Calquera número de propietarios ou propietarias que superen o 50% dos predios forestais que formen parte dunha superficie contigua de terreo forestal cunha extensión mínima de 15 hectáreas
- b) Calquera número de propietarios ou propietarias que superen o 50% da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha superficie contigua de terreo forestal cunha extensión mínima de 15 hectáreas
- c) Calquera número de propietarios ou propietarias que superen o 50% da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha superficie cunha

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

extensión mínima de 15 hectáreas

- 27) Segundo o artigo 30 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a aprobación definitiva da unidade de xestión forestal será outorgada por:**
- O Consello da Xunta
 - A consellaría competente en materia forestal
 - O Delegado da consellaría competente en materia forestal na provincia na que se sitúa a maioría da superficie da unidade de xestión forestal
- 28) Segundo o Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia, a execución dos plans do instrumento de xestión forestal específico nos terreos que non se tivesen integrado na unidade de xestión forestal e estivesen afectados pola superficie contigua dela, é responsabilidade de:**
- Da xunta rectora, salvo que nos estatutos se reflicta outra responsabilidade.
 - Das persoas propietarias dos terreos
 - Neses terreos o instrumento de xestión forestal específico non é de execución.
- 29) Na delimitación das unidades de xestión forestal, segundo o Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia, as parcelas de titulares descoñecidos que se encontren no seu perímetro:**
- Non poderán ser incluídas na unidade de xestión forestal
 - Pasarán a ser titularidade da unidade de xestión forestal se no transcurso de 5 anos non aparece o lexítimo dono
 - Incluíranse na superficie da unidade de xestión forestal se na data da súa constitución non están incluídas noutra unidade
- 30) De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, considérase solo urbano consolidado:**
- O integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumido polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana substancialmente diferente da realmente existente.
 - O integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumido polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante obras accesorias e de escas entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.
 - O integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumido polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante obras que estiveran previstas nos planes de ordenación municipal.
- 31) De conformidade ca Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terán a condición de soar:**
- As superficies de áreas de expansión legalmente divididas e aptas para a edificación que en todo caso contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais a rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, ou, non contando con estes servizos, o planeamento teña previsto en esas zonas obras de urbanización.
 - As superficies de solo urbano consolidado, solo urbano non-consolidado e solo urbanizable legalmente divididas e aptas para a edificación que en todo caso contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais a rede de

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública ou, non contando con estes servizos, o planeamento teña previsto en esas zonas obras de urbanización.

- c) As superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que en todo caso contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais a rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública.
- 32) De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, considérase solo rústico de protección agropecuaria:**
- a) As áreas de cultivo libres de edificación de extensión maior de 100 has
 - b) Os terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da lei ou aqueles que o fosen nos dez anos anteriores a esta data
 - c) Todos os terreos de alta produtividade agrícola ou gandeira
- 33) Cando nunha oficina de catastro solicitemos unha cédula catastral obteremos:**
- a) Descrición literal de todas as parcelas que ten un propietario, dentro do municipio, sen anotación de lindeiros.
 - b) Descrición literal de todas as parcelas que ten un propietario, dentro do municipio, con anotación de lindeiros.
 - c) Descrición literal da parcela ou parcelas que constitúen a finca, cos seus códigos
- 34) O sistema catastral actual de España posúe:**
- a) Natureza fiscal
 - b) Natureza xurídico-fiscal
 - c) Natureza xurídica
- 35) Sinala a resposta correcta:**
- a) O País Vasco e Navarra teñen o seu propio sistema catastral
 - b) Cataluña e o País Vasco teñen o seu propio sistema catastral
 - c) Andorra e Cataluña teñen o seu propio sistema catastral
- 36) Segundo a Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, o propietario ou titular que teña cedida a xestión dun predio rústico ao Bantegal poderá solicitar o rescate de dita cesión:**
- a) En calquera momento
 - b) Só no caso de que o titular ou propietario se incorpore a actividade agraria
 - c) En calquera momento, agás no caso de arrendamento a un terceiro
- 37) A Comisión Técnica de Prezos e Valores prevista na Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, ocúpase de:**
- a) Emitir un informe anual no que constará o prezo tipo que establecerá a sociedade Bantegal, por zonas xeográficas e en función de diversos parámetros como produtividade ou configuración xeofísica
 - b) Aprobar os prezos tipo que establecerá a sociedade Bantegal, logo da proposta do Consello da Xunta
 - c) Fixar a comisión máxima por gastos de xestión a aplicar por parte da sociedade Bantegal na cesión de predios rústicos a terceiros

- 38) Segundo a Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, non procederá a declaración como predio inculto ou abandonado, entre outros casos:**
- Cando os predios estean situados nunha Zona de Especial Interese Agrario
 - No caso de que os predios estean incorporados ao Banco de Terras de Galicia e a sociedade Bantegal os teña cedidos a terceiras persoas
 - Cando os predios se atopen en proceso de concentración parcelaria, desde o inicio das obras da rede de camiños principais ata transcorridos seis meses desde a toma de posesión
- 39) Segundo o artigo 23 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e aproveitamento urbanístico (e modificacións posteriores), o aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas :**
- O 90 % do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente
 - O 85 % do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente
 - O 80 % do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente
- 40) Segundo o artigo 24 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e aproveitamento urbanístico (e modificacións posteriores), no suposto da execución de plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural que contemplan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais e delimiten polígonos, os propietarios de solo están obrigados a:**
- Ceder gratuitamente aos concellos os terreos destinados a vias, equipamentos e dotacións públicas, costear e executar as obras de urbanización previstas no plan especial e a solicitar a licenza de edificación e edificar cando o plan especial así o estableza
 - Vender aos concellos os terreos destinados a vias, equipamentos e dotacións públicas, costear e executar as obras de urbanización previstas no plan especial e a solicitar a licenza de edificación e edificar cando o plan especial así o estableza
 - Vender aos concellos os terreos destinados a vias, equipamentos e dotacións públicas, costear e executar as obras de urbanización previstas no plan especial e a solicitar a licenza de edificación e edificar independentemente de que o plan especial así o estableza
- 41) ¿ Que é a comisión promotora da Uxfor?**
- É o conxunto das persoas propietarias de terreos forestais que, xunto a outras persoas ou entidades públicas ou privadas non propietarias, asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das Uxfor
 - É o conxunto de persoas propietarias de terreos forestais e outras entidades públicas ou privadas non propietarias que asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das Uxfor
 - É o conxunto das entidades públicas ou privadas non propietarias, que asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das Uxfor
- 42) De acordo coa Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, os montes veciñais en man común:**
- Pola súa natureza de ben privado están suxeitos aos impostos relacionados coa base territorial
 - Non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social
 - Dependendo do seu aproveitamento estarán sometidos ao abono da cota empresarial da Seguridade Social

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- 43) De acordo coa Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, a propiedade dos montes en man común é:
- De natureza privada e colectiva
 - De natureza pública
 - De natureza colectiva
- 44) De acordo coa Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, os montes veciñais en man común:
- Non poden ser obxecto, en ningún caso, de cesión temporal, xa que ten carácter de inalienables
 - Porán ser cedidos de forma indefinida, aos comuneiros, sempre que se cumpra o establecido no artigo 18.1 da Lei
 - Pese a súa inalienabilidade porán ser obxecto de cesión temporal, en todo o en parte, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1
- 45) De acordo coa Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia
- A clasificación como monte veciñal corresponde a Dirección Xeral competente en materia forestal
 - A clasificación como monte veciñal levarase a cabo polos Xurados Provinciais na forma prevista na Lei e no seu Regulamento
 - A clasificación como monte veciñal corresponde ao Conselleiro competente en materia forestal
- 46) Segundo o artigo 3 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro:
- As Administracións Públicas actúan dacordo cos criterios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración, coordinación e con sometemento pleno á constitución, á lei e ao dereito
 - As Administracións Públicas nas súas relacións réxense polo principio de cooperación e colaboración e na súa actuación polos criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns
 - Ambas respostas son correctas
- 47) Conforme co disposto no artigo 109 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, poñen fin á vía administrativa:
- As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico en todo caso.
 - As demais resolucións dos órganos administrativas exclusivamente cando unha disposición regulamentaria así o estableza.
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta.
- 48) ¿Quen é o órgano competente para suspender a execución dun acto administrativo impugnado, segundo a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro?
- O órgano a quen competa a resolución do recurso.
 - O órgano a quen competa a instrución do expediente.
 - O órgano que determine a norma específica reguladora de cada procedemento.

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- 49) De conformidade co disposto pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o trámite de audiencia:
- Terá unha duración non inferior a 10 días nin superior a 20 días.
 - Terá unha duración non inferior a 10 días nin superior a 15 días.
 - Terá unha duración non inferior a 15 días nin superior a 20 días.
- 50) ¿Quen é o superior xerárquico dos Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas a efectos de interposición dun recurso de alzada?
- O órgano que teña nomeado ao presidente do Tribunal.
 - O órgano que nomease aos compoñentes do Tribunal.
 - O presidente do Tribunal.
- 51) O prazo máximo para a interposición e resolución dun recurso de alzada contra un acto administrativo non expreso é de:
- 3 meses para a interposición e 3 meses para a resolución.
 - 1 mes para a interposición e 3 meses para a resolución.
 - 1 mes para a interposición e 1 mes para a resolución.
- 52) O recurso extraordinario de revisión poderá interpoñerse:
- Contra actos firmes en vía administrativa ante o superior xerárquico do órgano que os ditase que tamén será o competente para a súa resolución.
 - Contra actos firmes en vía administrativa ante o mesmo órgano que os ditou sendo o superior xerárquico o competente para a súa resolución.
 - Contra actos firmes en vía administrativa ante o mesmo órgano que os ditou sendo este o competente para resolver.
- 53) A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas iniciarase :
- De oficio ou por reclamación dos interesados.
 - Sempre de oficio
 - Sempre por reclamación dos interesados.
- 54) Segundo a Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, o primeiro medio o que deben acudir o expropiante e o beneficiario e o expropiado para valorar a contía da indemnización é o acordo amistoso, para o que dispoñen dun prazo de:
- 15 días.
 - 150 días.
 - 5 días.
- 55) Segundo a Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en todos os casos de expropiación forzosa abonarase o expropiado, ademais do xusto prezo fixado na forma establecida na propia Lei:
- Un 5 por 100 como premio de afección.
 - Un 15 por 100 como premio de afección.
 - Unha porcentaxe a determinar como premio de afección.
- 56) Según a Lei de Dereito Civil de Galicia, en caso de transmisión a título oneroso dunha finca rústica arrendada, o arrendatario poderá exercer o dereito de tinteo nas seguintes condicións:
- Durante 3 meses a contar a partir da data na que tivese coñecemento da transmisión e das condicións nas que se fixo

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- b) Durante trinta días hábiles a contar a partir da data na que tivese coñecemento da transmisión e das condicións nas que se fixo e sempre que estivera cultivando a finca de modo persoal durante un mínimo de tres anos ininterrumpidos
 - c) Durante 6 meses a contar a partir da data na que a transmisión foi inscrita no rexistro da propiedade e sempre que estivera cultivando a finca de modo persoal durante un período ininterrumpido de 2 anos agrícolas
- 57) **Según o Dereito Civil de Galicia, naqueles casos nos que se acorde sen fixación de prazo, a aparcería entenderase concertada por un tempo:**
- a) De 3 anos
 - b) De 5 anos
 - c) Variable en función do tipo de aparcería, sendo no caso da agrícola o necesario para completar unha rotación ou ciclo de cultivo
- 58) **Nun arrendamento rústico e según a Lei de Dereito Civil de Galicia o arrendatario poderá subarrendar ou ceder, toda ou parte da finca, no seguinte caso:**
- a) No caso de enfermidade, por considerarse causa de forza maior
 - b) No caso de ausencia temporal da explotación, sempre e cando sexa por un período inferior á duración da rotación ou ciclo agrícola
 - c) Non poderá, salvo consentimento expreso do arrendador
- 59) **Según a Lei de Dereito Civil de Galicia nun arrendamento rústico os dereitos de tanteo e retracto do arrendatario serán preferentes a calquera outro de adquisición, salvo nos seguintes casos:**
- a) retracto de colindantes e de coherdeiros e comuneiros.
 - b) retracto de colindantes, de coherdeiros e comuneiros e dos titulares de explotacións agrarias prioritarias situadas na mesma parroquia ou vilar
 - c) ningunha das anteriores é correcta
- 60) **Enténdese por lugar acasado, según a Lei de Dereito Civil de Galicia o conxunto formado por:**
- a) Casa de labor, edificacións, dependencias e as fincas colindantes
 - b) Casa de labor, edificacións, dependencias e fincas, aínda non sendo colindantes, así como o gado, maquinaria, apeiros de labranza e instalacións
 - c) Ningunha das anteriores é correcta
- 61) **Según a Lei de Dereito Civil de Galicia, nos arrendamentos rústicos, e salvo pacto en contrario, o cultivo ó cal se adique a finca:**
- a) Será o que determine o arrendatario, pertencéndolle a el tamén os aproveitamentos secundarios
 - b) Será o que determine o arrendatario, pertencéndolle ao arrendador os aproveitamentos secundarios
 - c) Será o que determine o arrendatario, que lle terá que comunicar ao arrendador o cultivo escollido no prazo dun mes dende a sementeira ou plantación.
- 62) **O cónxuxe usufructuario da totalidade da herdanza está facultado para:**
- a) Realizar talas de árbores madeirables sempre e cando con posterioridade realice unha nova plantación coa mesma especie ou de equivalente valor
 - b) Enaxenar mobiliario e semovientes, dacordo cunha boa administración, sen necesidade de repoñelos
 - c) Ningunha das anteriores é correcta

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

- 63) Según a Lei de Dereito Civil de Galicia, a lexítima:**
- a) É a cuarta parte do valor do haber hereditario líquido
 - b) É a terceira parte do valor do haber hereditario líquido
 - c) Ningunha das anteriores é correcta
- 64) Unha das causas de extinción das servidumes de paso, conforme ao disposto no artigo 93 da Lei de dereito civil de Galicia, é o non uso das mesmas durante un prazo de:**
- a) 20 anos
 - b) 10 anos
 - c) En calquera momento se o predio dominante cambia de uso
- 65) Segundo a lei 2/2006 do 14 de xuño do dereito civil de Galicia a parzaría poderá ser:**
- a) Agrícola, de lugar acasarado, pecuaria e forestal de novas prantacións.
 - b) Exclusivamente agrícola e pecuaria.
 - c) Agrícola ou pecuaria e de lugar acasarado
- 66) No contrato de vitalicio a prestación alimenticia deberá comprender:**
- a) Sustento, vivenda, vestido e asistencia médica.
 - b) Sustento, habitación, vestido, asistencia médica, axudas e coidados incluso afectivos axeitados ás circunstancias das partes.
 - c) O que estableza o cedente dos bens a cambio da prestación de alimentos.
- 67) Segundo a lei 2/2006 do 14 de xuño do dereito civil de Galicia a compañía familiar galega**
- a) Deberá necesariamente documentarse por escrito cando calquera dos contratantes o solicite.
 - b) Deberá necesariamente formalizarse por escrito.
 - c) Deberá necesariamente formalizarse en escritura pública.
- 68) A compañía familiar galega extinguese:**
- a) Por acordo de todos os socios.
 - b) Por declaración de concurso ou quebra que afecte a todos.
 - c) As respostas a e b son correctas.
- 69) Segundo o Código civil a acción para pedir a división dunha cousa común:**
- a) Non prescribe nunca.
 - b) Prescribe aos 30 anos.
 - c) Prescribe aos 20 anos entre presentes e aos 30 anos entre ausentes.
- 70) Segundo a lei 10/1996 de 5 de novembro de actuación de entes e empresas participadas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia en materia de persoal e contratación, a fixación das retribucións do persoal de alta dirección:**
- a) Determinaraa a Consellería de Economía e Facenda.
 - b) Determinaraa a Consellería de Economía e Facenda e Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.
 - c) Ningunha das anteriores é a correcta
- 71) Segundo a lei de fundacións de interese galego éstas son:**
- a) Organizacións con ánimo de lucro que por resolución legal teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL
Técnico Superior de Área Xurídica (Opción A-Galego)

para Galicia e desenvolven principalmente as súas actividades e terían o seu enderezo en territorio da Comunidade Autónoma Galega.

- b) Organizacións sin ánimo de lucro que por vontade dos seus creadores teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolven as súas actividades e teñen o seu enderezo no territorio español.
- c) Organizacións sin ánimo de lucro que pola vontade dos seus creadores teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolven principalmente as súas actividades e terían o seu enderezo en territorio da Comunidade Autónoma Galega.

72) Segundo o artigo 91 da lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público nos pregos de cláusulas administrativas determinarase o importe da garantía provisional que:

- a) Non poderá ser inferior a un 3% do orzamento do contrato.
- b) Non poderá ser superior a un 3% do orzamento do contrato.
- c) No prego de cláusulas administrativas particulares non se determina o importe da garantía provisional.

73) Segundo a lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público son contratos menores:

- a) Non poderán ter unha duración superior a 1 ano e non poderán ser obxecto de prórroga.
- b) Non poderán ter unha duración superior a 1 ano susceptible de prórroga polo mesmo período de 1 ano.
- c) Non poderán ter unha duración superior a 1 ano susceptible de prórroga non superior a metade da duración inicial do contrato.

74) Segundo a lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público son contratos menores de obras:

- a) Os contratos por importe inferior a 50.000 euros.
- b) Os contratos por importe inferior a 60.000 euros.
- c) Os contratos por importe inferior a 18.000 euros..

75) Segundo a lei 3/1985 do 12 de abril do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia son bens patrimoniais:

- a) s inmobles propiedade da Comunidade Autónoma en que se aloxan as súas institucións.
- b) As empresas mercantís que sexan titularidade da Comunidade Autónoma.
- c) Ambas as dúas son correctas.